

# CONCELLO DE ARTEIXO



SECRETARÍA

RELGA N.º 2000/141

Praza Alcalde Ramón Dopico, 1  
15142 ARTEIXO (A Coruña)

Tel.: 981 60 00 09

Fax: 981 60 24 17

Email: secretaria@arteixo.dicoruna.es

- 1 -

SECRETARÍA XERAL

N/Ref.:PFM/Jm/2010

## DONA PILAR FERNÁNDEZ MAROÑO, SECRETARIA ACCTAL. DO CONCELLO DE ARTEIXO ( A CORUÑA ),

**CERTIFICADO:** Que pola Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria de primeira convocatoria celebrada o día un de decembro de dous mil dez (1-12-10), adoptou, entre outros, o seguinte ACORDO:-----

### “8º).- ASUNTOS DE XUVENTUDE:-----

**8.3.- REDE DE MUROS PARA ARTE URBÁN (REMUAU).**- Polo Departamento de Xuventude preséntase á Xunta de Goberno Local a seguinte proposta:-----

#### “ASUNTO: Rede de Muros para Arte Urbán (REMUAU)

Recibido o estudio solicitado á asociación Arteixo Crea sobre as posibilidades de creación dunha rede de muros espallados por todo o Concello para a práctica do graffiti, o Departamento de Xuventude considera que existe nestes intres un número suficiente de muros de titularidade municipal cos que crear a Rede de Muros para Arte Urbán. Os criterios nos que se baseouse a elección de muros foron: fácil accesibilidade, titularidade pública, que sexan blancos de pintadas vandálicas actualmente. Así, e dacordo coa filosofía a Ordenanza Cívica recentemente aprobada, os muros propostos para integrar a Rede Municipal de Arte Urbán, son:

- . **Muros laterais e posterior do Centro Social de Froxel**
  - \_ Rúa José Pérez Ballesteros, Vilarrodís
  - \_ Espazo: 13-15 persoas
- . **Tunel antigo de Uxes**
  - \_ AC0511, Uxes
  - \_ Muros do tunel antigo
  - \_ Espazo: 6-8 personas
- . **Muro de Figueiroa**
  - \_ Avd de Figueiroa, Arteixo
  - \_ Muro da parte traseira do instituto (ata o pavillón)
  - \_ Espazo: 20-25 personas
- . **Lateral Pavillón de Galán**
  - \_ Rúa Miguel de Cervantes, Soly Mar, Oseiro
  - \_ Lateral de pavillón, fronte a pista deportiva
  - \_ Espazo: 5 personas
- . **Paseo Fluvial**
  - \_ Paseo fluvial, Arteixo
  - \_ Muros laterais das 3 pontes
  - \_ Espazo: 3-4, 2-3, 4-5 persoas
- . **Barrañán – Campo da Festa**
  - \_ Lugar de Barrañán - Campo da Festa
  - \_ Espazo: 10-12 persoas
- . **Camíño de Raña – Loureda**
  - \_ Ponte baixo a Autovía no Igrexario de Loureda, no Camíño de Raña.

....

# CONCELLO DE ARTEIXO



SECRETARÍA

RELGA N.º 2000/141

Praza Alcalde Ramón Dopico, 1  
15142 ARTEIXO (A Coruña)

Tel.: 981 60 00 09

Fax: 981 60 24 17

Email: secretaria@arteixo.dicoruna.es

- 2 -

\_ Espazo: 6-8 persoas

Todos os muros integrados na rede, serán identificados cunha plantilla, marcando o comezo e final da zona na que se autoriza a pintar. Na páxina web municipal, integrarase un mapa virtual, localizando os muros, con fotografías e datos identificativos. Non se establece a necesidade de mantemento do muro por parte do Concello, e só se propoñería o blanqueo do muro, en todo ou en parte, se as pintadas foron lesivas ou ilegais, que pasarían a ser tratadas segundo a Ordenanza Cívica como actos vandálicos. A Rede de Muros de Arte Urbán pode ser ampliada, e estudaránse máis muros co obxecto de ser integrados. Como a rede de muros está pensada para unha utilización libre, non se establece a necesidade de notificarlle ao Concello a súa utilización.

Así, dase conta das propostas a adoptar pola Xunta de Goberno Local:

**UNICA.-** Aprobar a creación da Rede de Muros para Arte Urbán (REMUAU), incorporando os muros anteriormente descritos, e permitindo nos mesmos, debuxos, graffitis ou pintadas creativas de xeito libre, coas salvedade de que sexan lesivas ou ilegais, que pasarían a ser tratadas segundo a Ordenanza Cívica como actos vandálicos.”-----

A Xunta de Goberno Local, vista a proposta de referencia, EN VOTACIÓN ORDINARIA E POR UNANIMIDADE DOS MEMBROS PRESENTES, acorda:-----

**ÚNICO.-** Prestar aprobación á creación da Rede de Muros para Arte Urbán (REMUAU), incorporando os muros anteriormente descritos, e permitindo nos mesmos, debuxos, graffitis ou pintadas creativas de xeito libre, coas salvedade de que sexan lesivas ou ilegais, que pasarían a ser tratadas segundo a Ordenanza Cívica como actos vandálicos.”-----

Para que así conste, expido a presente, ao amparo e coa salvedade prevista no artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais e a resultados do Texto definitivo da Acta, de orde e co visto e praxe da Sr<sup>a</sup>. Alcaldesa-Presidenta do Concello de Arteixo, a un de decembro de dous mil dez.-----

